

'Vuelta Ciclista por la Ciencia' con sona en Galicia e Madrid

Percorrerán 600 quilómetros para introducir o pensamento científico na sociedade // Vigo e Santiago, as paradas galegas



UNIVERSIDADE Foto de familia dos corredores que onte pola mañá tomaron a saída dende Vigo. - FOTO: Duvi

Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



Mª CARMEN ECHEVARRÍA



"Estanos a desbordar a resposta". Así valoraba o docente, investigador e responsable do grupo Divulgare da Universidade de Vigo, Luis Navarro antes de iniciar o que cualifica como "aventura", a resposta que a Vuelta Ciclista por la Ciencia está a ter entre a comunidade investigadora e os clubs ciclistas das cidades polas que, desde hoxe e ata o vindeiro venres, discorrerá esta iniciativa, que ten o obxectivo de transmitir á sociedade o traballo que realizan as e os investigadores, así como introducir o pensamento científico na sociedade.

Ás nove e media da mañá desde a rúa Oporto de Vigo cinco investigadores do eido da ecoloxía, enfundados nos seus maillots de Divulgare: o propio Navarro e José María Sánchez, da Universidade de Vigo; Adrián Escudero, da Universidad Rey Juan Carlos; Fernando Valladares, do Museo Nacional de Ciencias Naturales, CSIC, e Pablo Vargas, do Real Jardín Botánico de Madrid, CSIC) xunto a tres corredores de equipos ciclistas da cidade, tomaban a saída, rumbo a Santiago, na primeira das cinco etapas que conforman esta volta ciclista que chegará á localidade madrileña de Móstoles o

LO + VISTO

- 01  Emotivo adió a tres décadas de "era Rueda" en el Rosalía
- 02  ...Cuando la Casa Baltar de A Rocha Vella todavía no era un centro social para los vecinos del barrio
- 03  Último día para disfrutar gratis, pero haciendo cola, del Pórtico
- 04  Castigo 'eléctrico' para un millón de hogares gallegos
- 05  Escolares de varias zonas tienen que ir a clase por caminos 'amazónicos'
- 06  Vaciar la enfermería, el primer reto para el Obra
- 07  Plante en el Instituto de Brión y el colegio Barrié
- 08  Asesinada en EE.UU. la golfista española Celia Barquín
- 09  Negativa vecinal a ceder terreno para el paseo Os Mosqueiros-Castiñeiras
- 10  Reclaman a CA que "poña orde" en las sanciones

+ noticias

vindeiro venres. Entre medias, os investigadores, acompañados por outras e outros compañeiros de profesión, cubrirán outras tres etapas duns 120 quilómetros cada una, que unirán Santiago, Oviedo, León e Salamanca, onde, nas súas respectivas universidades, ofrecerán charlas sobre bioloxía, como o cambio climático, a nova clasificación dos seres vivos, interaccións biolóxicas, divulgación da ciencia, biodiversidade e especies invasoras, o Antropoceno, microbios ou o solo.

“Son temas de actualidade, como o cambio climático” asegura Pablo Vargas, investigador en Sistemática molecular de plantas vasculares do Real Jardín Botánico (CSIC).



Escribe tu comentario

Para escribir tus comentarios en las noticias, necesitas ser usuario registrado. [Si no lo eres regístrate ahora](#)

Alias

Clave

Título

Comentario

1000 Caracteres disponibles

ENVIAR

s://www.elcorreogallego.es no se hace responsable de las opiniones de los lectores y eliminará los comentarios considerados ofensivos o que vulneren la legalidad.